



RUTA

O vello Lugo agrario

RUTA

O vello Lugo agrario

RUTA

O vello Lugo agrario

FOTOGRAFÍAS DE XURXO LOBATO, VANESA ABELAIRA E A. CABANA



O vello Lugo agrario

Este itinerario circular ten como punto de saída e de chegada a aldea central da parroquia de Santa Eulalia ou Santalla de Bóveda, unha das máis fermosas da rexión central de Lugo cunha excelente arquitectura popular e a singularidade de contar cun monumento único no mundo.

O santuario romano de Bóveda

Foi descuberto en 1926, e xa en 1931 declarado **Monumento Artístico Nacional**, hoxe ten a cualificación de **Ben de Interese Cultural**. Trátase dun pequeno edificio romano, posiblemente construído no século IV, non se sabe exactamente con que fin. Quizais estivese relacionado co culto das augas, e en séculos posteriores foi usado como igrexa cristiá, incluso se ten posto en relación co heresiarca galego Prisciliano, o *primeiro mártir* interno do cristianismo. Sobre este breve recinto teñen corrido ríos de tinta e aínda así segue sendo un misterio. Entre outras belezas, conserva unhas **pinturas murais romanas** de extraordinaria perfección e gran realismo taxonómico cun colorido abraiante.

Santa Eulalia de Bóveda é un dos grandes *lugares máxicos* de Galicia. A visita deste estraño monumento, sen igual en Europa, abonda xa para facer inesquecible unha estancia nestas terras.

Paisaxe agraria e flora

A ruta transcorre por unha paisaxe agraria moi viva, pero pouco afectada polas vicisitudes das últimas décadas. Consérvanse moi ben os **carreiros, congostras, corredoiras e vereas**, as súas marxes seguen ofrecendo ó camiñante a fisionomía tradicional. Por outro lado, a agricultura e a gandería continúan activas e o carácter fortemente humanizado da paisaxe séguese mantendo, aínda que, naturalmente nas terras de labranza agora predominan verdes prados no canto dos clásicos cultivos principais de trigo e de patacas, con nabos e ferraña de inverno, en alternancia de dúas mans.

Un dos maiores atractivos son os **muros ou valados** que pechan as herdades, que amosan polo menos tres das tipoloxías clásicas dos cerramentos pétreos galegos: muro de chantos, muro de cachote capeado e muro combinado.

A riqueza vexetal é grande. Abundan as **carballeiras e os bosques mixtos ou fragas, cunha abundante representación, curiosamente case paritaria dos dous carballos máis característicos de Galicia (Quercus robur e Quercus pirenaica)**. Ademais vense **ameneiros, bidueiros, castiñeiros, nogueiras e as dúas especies autóctonas de freixo, diversos salgueiros, sabugueiros ou bieiteiros, sanguíños, estripas, acivros, as tres especies principais de toxos (arnal,femia, e gateño), xestas, queirogas, uces brancas...**

No noso camiño cruzaremos o fermoso río Mera e o seu minúsculo afluente o rego Mendo, ben rodeados de árbores amigas da auga, entre as que domina o ameneiro e non faltan algúns chopos. E tamén atoparemos neles fermosas obras humanas: por exemplo uns excelentes muíños tradicionais, actualmente fóra de uso, pero ben conservados xunto coas súas presas e obras hidráulicas.

Itinerario

Na praza ou rueiro principal, onde está o monumento romano, collemos cara a aldea de Cabanas, seguindo os indicadores por un camiño estreito asfaltado. Vemos xa os tres tipos de cerramentos de terreos. Á esquerda temos unha chousa con árbores autóctonos e un forte eucalipto solitario, e á dereita un piñeiral.

O camiño remata noutra xunta unha casa de ladrillo, na aldea de Cabanas (tamén da parroquia de Bóveda) Collemos á esquerda e entramos na aldea. Á dereita temos unha corte de ganado. Á esquerda una boa casa de labranza con eirado pechado: hórreo, palleira, carballo e un portal lousado con laxes de cantería, igual que a palleira.

Despois da fonte collemos á esquerda, por un camiño que segue asfaltado. Cancelas de madeira, froiteiras ó camiño, e imos chegar ó río Mera. Xunto a el atopamos un bo muíño coa súa pendella.

Seguimos polo camiño e cruzamos a ponte. Acábase o asfalto e imos por terras de monte baixo, con uces e toxos antes tan importantes na economía agraria como estrume para as cortes do gando e combustible para roxar os fornos do pan. Á esquerda vemos o curso do río, marcado polo arboredo da ribeira.

A uns 250 m. chegamos a outra corredoira de terra e collemos á dereita para subir a San Miguel de Bacurín. Conforme subimos á dereita queda o río e á esquerda o prado, e logo xa a coutada do pazo de San Miguel, con coníferas, eucalipto e cultivo de abetos, ademais das árbores indíxenas. Ó irmos subindo vemos unha bela paisaxe á dereita, Cabanas e máis ó lonxe o campanario e os lousados de Santa Eulalia de Bóveda. Seguimos polo camiño de terra ata que remata nunha pista asfaltada, que collemos de fronte primeiro cara ó pazo,

de fermoso portal, e logo cara á preciosa igrexa románica. Seguimos pola estrada beireando as terras do pazo. Coincidimos nun treito co trazado do Camiño Primitivo pero imos cara a Lugo non cara Santiago.

Un pouco máis arriba empeza unha preciosa plantación de abetos. Collemos á esquerda por unha vella corredoira, o camiño da igrexa, que nos leva, entre carballos, prados e cultivos de coníferas á estrada e á entrada da aldea de Portafontao. Atravesamos a aldea que pertence á parroquia de Bacurín, entre campos de labor, carballos cultivados e esmoucados para leña coas súas características coroas de pólas.

Ó fondo, cabo dunha chousa collemos de novo unha corredoira sen asfaltar á esquerda. Segue a paisaxe agrícola.


Logo, á esquerda bos piñeiros, e á dereita monte baixo con grandes laxedos de cantería.

Chegamos á estrada e seguindo á esquerda cara Santa Eulalia. Pasamos por riba do río Mera, e podemos achegarnos a ver os dous muíños que hai á dereita, co seu sistema hidráulico. É notable a quenlla no alto do prado, sistema de rego moi común nas montañas do Caurel ou dos Ancares, pero bastante raro na rexión central de Lugo.

Volvemos á estrada, e na bifurcación collemos á esquerda. Repararemos á dereita nunha fermosa carballeira cultivada, cunha grande palleira; e de contado estaremos outra vez en Santa Eulalia de Bóveda, eixo, vértice e referencia da nosa camiñada polas terras agrarias de Lugo.



O vello Lugo agrario





Como chegar

En coche: Desde a oficina municipal de Turismo (na Praza da Constitución) segue a Rolda da Muralla e a algo máis dun quilómetro –á altura da estación de servizo– toma o desvío cara a dereita en dirección a Santiago de Compostela (pola rúa Xermán Alonso Hortas). A uns 200 metros, no seguinte cruce (na Praza Fonte dos Ranchos), xira cara a esquerda cara a N-540 a Ourense, e segue pola Avenida das Américas –sen desviarte– até cruzar o río Miño. Tras pasar a ponte, segue a N-540 a Ourense até o Hotel Santiago, a menos de 2 Km. Xusto antes deste establecemento está o cruce onde terá que coller o desvío a man dereita cara Friol.

Desde este punto quedarante menos de 10 Km. até o templo por unha estrada local (que terás que percorrer, seguindo a sinalización). Á altura do lugar de Veral –a metade de camiño– tes que coller o desvío que hai a man esquerda cara Vilachá de Mera e Santa Eulalia de Bóveda, onde comeza del recorrido.

En autobús: desde a estación de autobuses de Lugo coa empresa Mourence Pardo.



LONXITUDE: 4,9 qm.
DURACIÓN APROXIMADA: 1 h. 45 min. a pé, 1 h. en bicicleta.
MODO DE PERCORRIDO E DIFICULTADE: a pé e en bicicleta, dificultade baixa
CARTOGRAFÍA: 97-II Calde, 97-I Condes.

PERFIL TOPOGRÁFICO:



- Ruta
- Camiño Primitivo a Santiago
- Panel informativo
- Aparcadoiro
- Muíño
- Igrexa
- Monumento romano
- Pazo
- Fonte
- Núcleo de poboamento

RECOMENDACIÓNS:



INFORMACIÓN DE INTERESE:

Oficina Municipal de Turismo: 982 297 347
 Oficina de Turismo, Xunta de Galicia: 982 231 361
 Centro de Atención de Emerxencias: 112
 Teléfono do Concello: 010
www.lugo.es